



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PADERNE

*Convocatoria selección personal. Contratación de persoas mozas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil*

Por Decreto Nº 615/2025 de 10/11/2025 o Alcalde-presidente do Concello de Paderne resolveu convocar procedemento público para a contratación laboral temporal dun peón/peoa, ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, por un período de nove meses, e aprobar as bases para a realización do correspondente concurso-oposición.

As bases están a disposición dos/as interesados/as no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello <https://sede.concellodepaderne.es/gl/>.

É requisito ser desempleado/a inscrito/a no Sistema Nacional de Garantía xuvenil remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a correspondente Oferta de Emprego presentada na Oficina de emprego de Betanzos.

O prazo de presentación de instancias será de 3 días naturais, contados a partir do día seguinte á data de publicación do presente anuncio no BOP.

Paderne, 11 de novembro de 2025

O alcalde-presidente

Sergio Platas Casal

2025/7487